

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
26 novembro 2017

COMPARTIR e non ter faramo VERTE.
Tantas cousas NON COMPARTIDAS impediránme VERTE.

1. VER: De reis e princesas.

- Aos nenos dinvos os vosos papás: *“es o meu rei” ou “es a princesa desta casa”*. Dialogamos sobre o significado destas expresións.
- Hai moitas historias de reis, de palacios. O rei, nas películas e noutras épocas, é o que ten autoridade, o que manda, por iso ten un exército, soldados, criados, un trono de ouro, unha coroa de diamantes...

Coñeces algún rei? Que fai? É bo e xusto?

2. XULGAR: Xesús, un rei especial ao que veremos.

- No evanxeo deste domingo, último do tempo ordinario, Xesús dinos:
-“Vinde vós, herdade o reino preparado para vós. Porque tiveron fame e déstesme para comer, fun forasteiro e hospedástesme, estiveron espido e vestístesme, enfermo e visitástesme”.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

1. Xesús é un rei especial

- Vaia rei raro que é Xesús: manda, ten autoridade, pero é o máis servidor de todos, o que máis axuda aos que ninguén quere, o que máis nos perdoa, o que é o noso mellor amigo e ensínanos o camiño do Ceo.
- O seu trono é a cruz, nela morreu dándonos todo o seu amor. O seu estilo é do bo pastor que busca ás ovellas perdidas e dá a vida por elas.

- **2. O soño de Xesús é construír o Reino de Deus**

- Ten o soño de que construamos un mundo onde reine a verdade, a vida, a xustiza, o amor e a paz.

3. Os que queiran vivir no seu reino teñen que ser coma Xesús.

- E como é Xesús? Misericordioso, bo con todos, creador de paz, servidor dos pobres e necesitados. Díxonos que un día virá por nós, “examinaranos do amor” que demos (S. Xoán da Cruz) e sei somos coma el levaranos ao Ceo.

4. Se queremos ver a Xesús no ceo temos que velo aquí no pobre.

- Xesús dinos que hai que descubri-lo no que ten fame ou sede, no forasteiro, no sen teito, no espido, enfermo ou privado de liberdade... Se imos pola vida dando amor, se compartimos... veremos a Deus no ceo.

Que é o reino de Deus? Cal é a condición para entrar?

3. ACTUAR: O que compartas deixarache ver a Deus.

- Podedes facer un xesto de entregar a **cada neno unha espada** de papel. Ela representa todo o que es contrario ao amor: egoísmo, violencia, desprezo, afán de poder, querer ser máis que os demais. O que nos gardamos, o mal, afasta de Deus e non nos deixa velo. Rompemos as espadas para dicirlle a Xesús que queremos ser coma el: que na nosa vida só reine o amor e o servizo.

Que vas facer? E en grupo?

PALABRA DE DEUS

Na primeira lectura Ezequiel preséntanos a Deus como un pastor bondadoso, imaxe que Xesús recollerá para presentarse a si mesmo: “Eu son o bo pastor”. S. Paulo dinos que a Resurrección é o primeiro paso cara ao Reino de Deus, a plenitude que esperamos vivir. O evanxeo ensínanos o camiño para entrar no Reino: recoñecer o rostro de Cristo, amándoo no pobre.

LECTURAS

- **Ezequiel 34, 11-12. 15-17:** *A vós, meu rabaño, eu vou xulgar entre ovella e ovella.*
- **Salmo 22: R/.** O Señor é o meu pastor, nada me falta.
- **1ª Corintios 15, 20-26. 28:** Entregarei o reino a Deus Pai, e así Deus será todo en todos.
- **Mateo 25, 31-46:** *Sentará no trono da súa gloria e separará a uns dos outros.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Cando veña na súa gloria o Fillo do home, e todos os anxos con el, sentarase no trono da súa gloria e serán reunidas ante el todas as nacións. El separará a uns dos outros, como un pastor separa as ovellas das cabras. E poñerá as ovellas á súa

dereita e as cabras á súa esquerda. Entón dirá o rei aos da súa dereita:

Rei: - *“Vinde vós, benditos do meu Pai; herdade o reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame e déstesme para comer, tiven sede e déstesme de beber, fun forasteiro e hospedástesme, estiven espido e vestístesme, enfermo e visitástesme, no cárcere e viñestes verme”*.

Xesús: -Entón os xustos contestaranlle:

Xustos: - *“Señor, cando te vimos con fame e alimentámoste, ou con sede e démosche de beber?; cando te vimos forasteiro e hospedámoste, ou espido e vestímoste?; cando te vimos doente ou no cárcere e fomos verte?”*.

Rei: - *“En verdade vos digo que cada vez que o fixestes cun destes, os meus irmáns máis pequenos, comigo fixéstelo”*.

Xesús: -Entón dirá aos da súa esquerda:

Rei: - *“Apartádevos de min, malditos, ide ao lume eterno preparado para o diaño e os seus anxos. Porque tiven fame e non me destes para comer, tiven sede e non me destes de beber, fun forasteiro e non me hospedastes, estiven espido e non me vestistes, enfermo e no cárcere e non me visitastes”*.

Xesús: -Entón tamén estes contestarán:

Inxustos: -*“Señor, cando te vimos con fame ou con sede, ou forasteiro ou espido, ou enfermo ou no cárcere, e non te asistimos?”*.

Xesús: -El replicaralles:

Rei: - *“En verdade vos digo: o que non fixestes cun destes, os máis pequenos, tampouco o fixestes comigo”*.

Xesús: -E estes irán ao castigo eterno e os xustos á vida eterna». Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús – Rei – Xustos – Inxustos)